



Grupo tercero.- Este grupo reconoce a aquellos deportistas que, figurando en puestos de relevancia en el ranking de sus respectivos deportes, o que se incorporaran a la convocatoria en esta temporada, o que perteneciendo a disciplinas deportivas en expansión aún no tienen los méritos suficientes para figurar en los grupos anteriores.

- Alejandro Fernández Rivera. Atletismo.
- María Eugenia Gandoy López. Atletismo.
- Beatriz Viteri Bouso. Atletismo.
- Jorge Ignacio Silva Crespo. Atletismo.
- Emilia Mesa Soriano. Atletismo.
- Daniel Toro Varela. Natación.
- Alberto Taboada Vila. Natación.
- Sandra Presas Pérez. Natación.
- Cristina Varela Lage. Wu-Shu.
- Ezequiel Gago Troitino. Wu-Shu.
- Iago Covela Iglesias. Gimnasia.

Cuantía de la ayuda que se le concede a cada deportista: 800,00 €.

Grupo de ayudas extraordinarias.- Este grupo constituye el primer paso para acceder a las ayudas y les sirve de acogida a aquellos deportistas que, por su juventud, tengan un futuro prometedor, o que practiquen disciplinas deportivas de federaciones minoritarias en expansión, o siendo beneficiarios en anteriores ediciones, bajaran su rendimiento deportivo, por ejemplo, por causa de una lesión.

- Jacobo Novoa Corzo. Lucha.
- Óscar Fernández Varela. Lucha.
- Beatriz Rodríguez Gulías. Atletismo.
- Ana Raquel Revuelta Parra. Atletismo.
- Lucía Domínguez Feijóo. Atletismo.
- Marcos González Nóvoa. Taekwondo.
- Verónica González Rodríguez. Gimnasia.
- Vanesa Soria Vázquez. Gimnasia.
- Alba Fernández Lozano. Atletismo.
- José Manuel Ferreira Colmenero. Wu-Shu.
- Luis Manuel Gómez Durán. Pesca.
- María Babarro González. Atletismo.
- Pablo Garzón Videira. Atletismo.
- Iris Carmen Rodríguez Touceda. Taekwondo.
- Yelco Álvarez Rodríguez. Halterofilia.
- Ramón Borrajo Martínez. Halterofilia.
- Juan Carlos Iglesias Surribas. Golf.
- José Jorge Rodríguez Sarmiento. Golf.
- Teodoro Álvarez Castro. Tiro olímpico.
- M.ª del Pilar Armada Iglesias. Boccia.
- José Manuel Prado Prado. Boccia.
- Laura Pimentel Pérez. Natación.
- José Enrique Blanco Millara. Atletismo.
- Carlos Revuelta Parra. Atletismo.
- Oliver Rey Estévez. Bádminton adaptado.
- Iria Álvarez Liz. Natación.
- Martín Fernández Álvarez. Atletismo.
- Vanessa Santás Miguel. Atletismo.
- Daniel Pérez Morales. Gimnasia.
- David González Castro. Halterofilia.
- Luis Taín Barja. Gimnasia.
- José Francisco Movilla Fernández. Billar.

Cuantía de la ayuda que se le concede a cada deportista: 425,00 €.

Ourense, 14 de abril de 2008. El presidente.

Fdo.: José Luis Baltar Pumar.

Deputación Provincial de Ourense

Anuncio

A Xunta de Goberno desta Deputación acordou, na sesión que tivo lugar o día 25 de abril de 2008, aproba-las seguintes:

Bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a concellos, asociacións e centros de ensino oficial que realizasen actividades de ensino de gaita, danza, percusión, pandeireta e canto tradicional nos cursos 2006-2007 e 2007-2008 (2ª convocatoria para a adxudicación de remanentes orzamentarios dispoñibles).

Para cumpri-lo devandito acordo, publícase, de seguido, o texto íntegro das mencionadas bases:

Primeira.- Obxecto da subvención:

O obxecto desta convocatoria é a regulación do procedemento para a concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, asociacións e centros de ensino oficial que realizasen actividades de ensino de gaita, danza, percusión, pandeireta e canto tradicional nos cursos 2006-2007 e 2007-2008.

As ditas subvencións financiaranse con cargo ós remanentes producidos trala resolución da anterior convocatoria realizada para o mesmo fin, publicadas no Boletín Oficial da Provincia n.º 219, con data 21 de setembro de 2007.

Segunda.- Requisitos dos beneficiarios:

Poderán obter subvención como beneficiarios os concellos, asociacións e centros de ensino oficial, que realizasen actividades de gaita, danza, percusión, pandeireta e canto tradicional que cumpran todos e cada un dos seguintes requisitos:

1.- Que as actividades de ensino de gaita, danza, percusión, pandeireta e canto tradicional se desenvolvan na provincia de Ourense.

2.- Que estas actividades de ensino se realizasen sen custo para os alumnos, agás (de se-lo caso) o importe da matrícula que en ningún caso debe supera-los 25,00 € por curso e actividade.

3.- No suposto de ter recibido con anterioridade subvencións desta Deputación, en materia de actividades de ensino de gaita, danza, percusión, pandeireta e canto tradicional, ter cumpridas as obrigacións derivadas da súa concesión.

4.- Que as accións formativas foran dirixidas a un mínimo de seis alumnos por cada actividade.

5.- Non acharse comprendidas en ningún dos supostos de prohibición de obtención de subvencións previstos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

Non poderán presentar solicitude de subvención aqueles concellos, asociacións e centros de ensino oficiais que xa foran beneficiarios das axudas na convocatoria anterior á que se refire a base primeira destas bases.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

Para as subvencións incluídas nesta convocatoria, resérvase crédito nos vixentes orzamentos da Deputación Provincial de Ourense coas seguintes distribucións:

Para as subvencións correspondentes ó curso 2006-2007:

- Actividades de ensino de gaita e percusión realizadas polos concellos: 35.550,00 €.

- Actividades de ensino de gaita e percusión realizadas por asociacións e centros oficiais de ensino: 46.680,00 €.

- Actividades de danza, pandeireta e canto tradicional realizadas polos concellos: 18.870,00 €.

- Actividades de danza, pandeireta e canto tradicional realizadas por asociacións e centros oficiais de ensino: 15.420,00 €.

Para as subvencións correspondentes ó curso 2007-2008:



- Actividades de ensino de gaita e percusión realizadas polos concellos: 31.830,00 €.

- Actividades de ensino de gaita e percusión realizadas por asociacións e centros oficiais de ensino: 48.510,00 €.

- Actividades de danza, pandeireta e canto tradicional realizadas polos concellos: 18.180,00 €.

- Actividades de danza, pandeireta e canto tradicional realizadas por asociacións e centros oficiais de ensino: 21.000,00 €.

Cuarta.- Contía máxima das subvencións:

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria terán un máximo para cada unha das actividades por curso académico, de: Para o curso 2006-2007:

- Ensino de gaita: 2 horas semanais ou máis, 840 €.

- Ensino de danza: 2 horas semanais ou máis, 840 €.

- Ensino de percusión: 1 hora, 510 €.

- Ensino de pandeireta e canto tradicional: 1 hora, 510 €.

Para o curso 2007-2008:

- Ensino de gaita: 2 horas semanais ou máis, 840 €.

- Ensino de danza: 2 horas semanais ou máis, 840 €.

- Ensino de percusión: 1 hora, 510 €.

- Ensino de pandeireta e canto tradicional: 1 hora, 510 €.

A contía concreta de cada subvención determinarase na resolución do concurso por aplicación dos criterios establecidos na base novena.

Quinta.- Solicitudes: lugar e prazo de presentación de documentación:

1. As solicitudes, subscritas polo representante legal da entidade interesada, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a presentación no rexistro xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo improrrogable de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

a) Documentación administrativa:

1.- Solicitud/s dirixida/s á Presidencia da Deputación nos modelos oficiais, recollidos nos anexos I A e I B, segundo corresponda, destas bases.

2.- Se o solicitante é unha asociación, documento acreditativo da súa constitución e inscrición no rexistro oficial correspondente.

3.- Fotocopia cotexada do CIF da entidade.

4.- Fotocopia cotexada do DNI do representante da entidade.

5.- Certificación, expedida polo órgano correspondente, de que as actividades de ensino se realizaron sen custo para os alumnos no curso 2006-2007 e no curso 2007-2008, agás (de se-lo caso) o importe da matrícula, que en ningún caso debe superar os 25,00 € por curso e actividade, segundo modelos anexos II A e II B, respectivamente.

6.- Declaración responsable do petionario da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, segundo modelo anexo III.

7.- Certificación da conta bancaria da entidade expedida polo banco ou caixa correspondente.

8.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia

expresa á circunstancia de atoparse ó día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, segundo modelo anexo IV.

b) Documentación para a valoración da solicitud:

- Certificacións emitidas polo órgano competente, unha correspondente ó curso 2006-2007 e outra correspondente ó curso 2007-2008, acreditativas, respectivamente, do desenvolvemento da actividade, con expresión dos datos persoais dos alumnos, incluíndo o seu DNI ou o do seu titor legal, do número de horas semanais e do período da actividade, nos modelos que se publican como anexos VA e VB.

Sexta.- Gastos subvencionables:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento da actividade obxecto da subvención como gastos inherentes e necesarios para a súa realización.

Sétima.- Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránse ó Negociado de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Para a achega desta documentación, poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo VI destas bases.

Transcorrido o dito prazo, se é o caso, o expediente pasará á comisión de valoración, que procederá a formula-la proposta de resolución conforme ás regras seguintes:

a) Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de inadmisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ó resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

Oitava.- Comisión de valoración:

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue.

- Vogais:

- O interventor da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.

- O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.

- Un deputado designado pola Presidencia.

- O director da Escola de Gaitas.

- A directora da Escola de Danza.

Actuará como secretaria da comisión, a xefa do Negociado de Subvencións.

Novena.- Criterios para a concesión das subvencións:

Para a concesión das subvencións, así como a fixación da súa contía, a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios:

- Número de destinatarios ós que foron dirixidas as actividades:

- Máis de 21 alumnos por actividade: 10 puntos.

- Entre 11 e 20 alumnos: 6 puntos.

- Entre 6 e 10 alumnos: 3 puntos.

- Ser beneficiarios en anos anteriores desta subvención:



- Máis de 1 ano como beneficiario: 4 puntos.
- 1 ano como beneficiario: 2 puntos.
- O número de horas de ensino semanais:
- 2 horas semanais ou máis de gaita ou danza 36 puntos.
- 1 hora semanal de gaita, danza, percusión, pandeireta ou canto tradicional 18 puntos.

As solicitudes de subvencións presentadas para o curso 2006-2007 e para o curso 2007-2008, valoraranse separadamente e a súa tramitación realizarase de forma independente.

Décima.- Resolución:

A proposta da comisión de valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de se-lo caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da comisión de valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tralos informes previos que considere oportuno, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garanti-lo cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Unha vez notificada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días hábiles para comunica-la aceptación incondicional e sen ningún tipo de reserva da subvención concedida, entendéndose que renuncian a ela en caso de non efectuar ningunha comunicación no dito prazo. Para a formulación desta comunicación de aceptación poderán utilizarse os modelos recollidos nos anexos VII A e VII B destas bases. No caso de rexeitamento, solicitarase da comisión de valoración a formulación de nova proposta para a aplicación dos remanentes producidos, seguindo as regras establecidas na base novena.

Undécima.- Publicidade da concesión:

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, con expresión das entidades locais beneficiarias e da contía das subvencións concedidas.

Duodécima.- Xustificación e pagamento da subvención:

A subvención xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:

- * Subvencións correspondentes ó curso 2006-2007:
 - Consideraranse xustificadas coa achega da certificación acreditativa do desenvolvemento da actividade requirida na documentación para a valoración da solicitude, na base quinta, apartado b).
 - Declaración responsable do solicitante da subvención, do conxunto de tódalas axudas percibidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

* Subvencións correspondentes ó curso 2007-2008:

- Consideraranse xustificadas coa achega da certificación acreditativa do desenvolvemento da actividade requirida na documentación para a valoración da solicitude, na base quinta, apartado b).
- Declaración responsable do solicitante da subvención, do conxunto de tódalas axudas percibidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente ó curso 2006-2007 e/ou 2007-2008, obxecto desta convocatoria.

Sen prexuízo do anterior, a solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

A xustificación da subvención para o curso 2006-2007 e para o curso 2007-2008 deberá realizarse ante a Deputación antes do 31 de outubro de 2008. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a tres meses, nin tampouco cando sexan solicitadas con posterioridade ó 31 de outubro de 2008.

A Xunta de Goberno declarará a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

O pago realizarase unha vez xustificada de modo completo a realización do proxecto, mediante transferencia á conta corrente sinalada pola entidade local beneficiaria.

Décimo terceira.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán tódalas obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Décimo cuarta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

As subvencións concedidas ó abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou dos seus organismos autónomos para a mesma actividade, sempre que o importe conxunto das subvencións concedidas non supere o 100% do custo total da dita actividade.

Décimo quinta.- Reintegro ou perda do dereito ó cobro das subvencións:

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluirá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda de dereito á subvención, concederáselle ó interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propo-las probas e realiza-las alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

Décimo sexta.- Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ó seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ourense, 29 de abril de 2008. O presidente.

Asdo.: José Luis Baltar Pumar.

ANEXO I A

**SOLICITUDE SUBVENCIONS PARA ENSINO DE GAITA, DANZA, PERCUSIÓN,
PANDEIRETA E CANTO TRADICIONAL, CURSO 2006-2007**

D./D.^a _____, con
 NIF _____, en nome e representación do concello/asociación ou centro de
 ensino _____, con CIF _____ e
 domicilio na rúa _____,
 localidade _____, código postal _____ e teléfono/s
 _____ / _____,

E X P Ó N

Que o concello/asociación ou centro de ensino que representa cumpre os requisitos
 esixidos na convocatoria de subvencións do curso 2006-2007 para ensino de gaita, danza,
 percusión, pandeireta e canto tradicional que se desenvolverá na provincia de Ourense.

Que asume tódolos compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a
 documentación esixida nesta.

S O L I C I T A

Unha subvención de _____ euros para as actividades que se
 describen de seguido, e que representan o _____% dos seguintes gastos:

<u>Ensino e nome do profesor</u>	<u>N.º de alumnos</u>	<u>Custo total</u>
1.- Gaita _____	_____	_____
2.- Danza _____	_____	_____
3.- Percusión _____	_____	_____
4.- Pandeireta e canto _____	_____	_____

Ourense, _____ de _____ de 2008

(selo do concello/asociación/centro de ensino) (sinatura solicitante)



ANEXO I B

**SOLICITUDE SUBVENCIONS PARA ENSINO DE GAITA, DANZA, PERCUSIÓN,
PANDEIRETA E CANTO TRADICIONAL, CURSO 2007-2008**

D./D.^a _____, con
NIF _____, en nome e representación do concello/asociación ou centro de
ensino _____, con CIF _____, e domicilio
na rúa _____
localidade _____, código postal _____ e teléfono/s
_____ / _____,

EXPÓN

Que o concello/asociación ou centro de ensino que representa cumpre os requisitos
esixidos na convocatoria de subvencións do curso 2007-2008 para ensino de gaita, danza,
percusión, pandeireta e canto tradicional que se desenvolverá na provincia de Ourense.

Que asume tódolos compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a
documentación esixida nesta.

SOLICITA

Unha subvención de _____ euros para as actividades que se
describen de seguido, e que representan o _____% dos seguintes gastos:

<u>Ensino e nome do profesor</u>	<u>N.º de alumnos</u>	<u>Custo total</u>
1.- Gaita _____	_____	_____
2.- Danza _____	_____	_____
3.- Percusión _____	_____	_____
4.- Pandeireta e canto _____	_____	_____

Ourense, _____ de _____ de 2008.

(selo do concello/asociación/centro de ensino)

(sinatura solicitante)

ANEXO II A

D./D.^a _____, con DNI n.º _____,
como secretario/a do (concello/centro de ensino/asociación) _____, con CIF
n.º _____ e domicilio en _____,

CERTIFICO:

Que no curso 2006/2007 as actividades de ensino de gaita, danza, percusión, pandeireta e canto tradicional se realizaron sen custo para os alumnos, agás (de se-lo caso) o importe de matrícula que, en ningún caso, superou os 25,00 por curso e actividade.

E para que conste, expido esta certificación en _____, o _____
de _____ de 2008.



ANEXO II B

D./D.^a _____, con DNI n.º _____
como secretario/a do (concello/centro de ensino/asociación)
_____, con CIF n.º _____
e domicilio en _____,

CERTIFICO:

Que para o curso 2007/2008 as actividades de ensino de gaita, danza, percusión, pandeireta e canto tradicional se realizaron sen custo para os alumnos, agás (de se-lo caso) o importe de matrícula que, en ningún caso, superou os 25,00 por curso e actividade.

E para que conste, expido esta certificación en _____, o _____
de _____ de 2008.



ANEXO III DECLARACIÓN

D./D.^a _____, representante do concello/asociación/centro de ensino _____, con CIF _____, DECLARA que presentou a/s solicitude/s e lle/s foi/foron concedida/s, de se-lo caso, as seguintes axudas:

Organismo ó que solicita	Data solicitude	Concesión (1)	Contía

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

Non ter solicitado nin, en consecuencia, terlle sido concedida ningunha axuda para o mesmo fin das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Ourense, _____ de _____ de 2008

Asdo.: _____



ANEXO IV

Don/a _____ en representación do
concello/asociación/centro de ensino _____,
con CIF _____,

DECLARO:

-Non atoparme incurso en causa constitutiva de prohibición de obtención de subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense.

-Estar ó día nas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica.

-Estar ó día coa Seguridade Social.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración en Ourense, o _____ de _____ de 200__ .

Asdo.: _____



ANEXO V A

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

D./D.^a _____, con DNI n.º _____
 como secretario/a do (concello/centro de ensino/asociación)
 _____, con CIF n.º _____ e domicilio
 en _____,

CERTIFICO:

Que no curso 2006/2007 nesta asociación/entidade impartiu ensinanza
 de _____ o profesor _____
 dende o día _____ de _____ de 2006 ata o
 día _____ de _____ de 2007, en horario de _____ a
 _____ horas, os _____ e coa asistencia
 dos seguintes alumnos:

Nome e apelidos	DNI (do alumno/a ou do seu titor legal)
1.	
2.	
3.	
4.	
5.	
6.	
7.	
8.	
9.	
10.	
11.	
12.	
13.	
14.	
15.	
16.	
17.	
18.	
19.	

E para que conste, para os efectos de acredita-la realización da mencionada ensinanza, asino
 esta certificación en _____, o _____ de _____ de 2008.

* Deberanse cubrir tantas certificacións como sexa necesario polo número total de alumnos.



ANEXO V B

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

D./D.^a _____, con DNI n.º _____
 como secretario/a do (concello/centro de ensino/asociación)
 _____, con CIF n.º _____
 e domicilio en _____,

CERTIFICO:

Que no curso 2007/2008 nesta asociación/entidade impartiu ensinanza
 de _____ o profesor _____
 dende o día _____ de _____ de 2007 ata
 o día _____ de _____ de 2008, en horario de _____ a
 _____ horas, os _____ e coa asistencia
 dos seguintes alumnos:

Nome e apelidos	DNI (do alumno/a ou do seu titor legal)
1.	
2.	
3.	
4.	
5.	
6.	
7.	
8.	
9.	
10.	
11.	
12.	
13.	
14.	
15.	
16.	
17.	
18.	
19.	

E para que conste, para os efectos de acredita-la realización da mencionada ensinanza, asino
 esta certificación en _____, o _____ de _____ de 2008.

* Deberanse cubrir tantas certificacións como sexa necesario polo número total de alumnos.



ANEXO VI

D./D.^a _____,
con NIF _____, en nome propio ou en representación do
concello/asociación/centro de ensino _____, achégolle a
documentación solicitada para unir ó expediente de solicitude de subvención
para _____.

Ourense, ____ de _____ de _____

Asdo.: _____

(Nome e apelidos)



ANEXO VII A

Curso 2006-2007

D./D.^a _____,
en representación de _____
con NIF/CIF _____, sendo notificado de que por resolución desa
Deputación Provincial de Ourense, segundo o disposto nestas bases de convocatoria
para _____ lle
foi concedida unha subvención para o programa/s, proxecto/s, actividade/s
denominado/s _____,
ACEPTO a subvención concedida e as condicións xerais das bases da convocatoria,
comprometéndome a presenta-la xustificación de investimentos correspondente á
subvención con data límite _____ de 2008

Ourense, _____ de _____ de 2008

Sinatura,

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.



ANEXO VII B

Curso 2007-2008

D./D.^a _____,
en representación de _____,
con NIF/CIF _____, sendo notificado de que por resolución desa
Deputación Provincial de Ourense, segundo o disposto nestas bases de convocatoria
para _____ lle
foi concedida unha subvención para o programa/s, proxecto/s, actividade/s
denominado/s _____,
ACEPTO a subvención concedida e as condicións xerais das bases da convocatoria,
comprometéndome a presenta-la xustificación de investimentos correspondente á
subvención con data límite _____ de 2008.

Ourense, _____ de _____ de 2008 .

Sinatura,

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.



Diputación Provincial de Ourense

Anuncio

La Junta de Gobierno de esta Diputación acordó, en la sesión que tuvo lugar el día 25 de abril de 2008, aprobar las siguientes:

Bases reguladoras de la convocatoria de concurso público para la concesión de subvenciones a ayuntamientos, asociaciones y centros de enseñanza oficial, que realicen actividades de enseñanza de gaita, danza, percusión, pandereta y canto tradicional en los cursos 2006-2007 y 2007-2008 (2ª convocatoria para la adjudicación de remanentes presupuestarios disponibles).

Para cumplir dicho acuerdo, se publica, a seguir, el texto íntegro de las mencionadas bases:

Primera.- Objeto de la subvención:

El objeto de la presente convocatoria es la regulación del procedimiento para la concesión, por parte de la Diputación Provincial de Ourense, en régimen de concurrencia competitiva, de subvenciones a ayuntamientos, asociaciones y centros de enseñanza oficial que realicen actividades de enseñanza de gaita, danza, percusión, pandereta y canto tradicional en los cursos 2006-2007 y 2007-2008.

Dichas subvenciones se financiarán con cargo a los remanentes producidos tras la resolución de la anterior convocatoria realizada para el mismo fin, publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia n.º 219, con fecha 21 de septiembre de 2007.

Segunda.- Requisitos de los beneficiarios:

Podrán obtener subvención como beneficiarios los ayuntamientos, asociaciones y centros de enseñanza oficial, que realicen actividades de gaita, danza, percusión, pandereta y canto tradicional que cumplan todos y cada uno de los siguientes requisitos:

1.- Que las actividades de enseñanza de gaita, danza, percusión, pandereta y canto tradicional se desarrollen en la provincia de Ourense.

2.- Que estas actividades de enseñanza se realicen sin coste para los alumnos, excepto (en su caso) el importe de la matrícula que en ningún caso debe superar los 25,00 € por curso y actividad.

3.- En el supuesto de haber recibido con anterioridad subvenciones de esta Diputación, en materia de actividades de enseñanza de gaita, danza, percusión, pandereta y canto tradicional, haber cumplido las obligaciones derivadas de su concesión.

4.- Que las acciones formativas hayan sido dirigidas a un mínimo de seis alumnos por cada actividad.

5.- No hallarse comprendidas en ninguno de los supuestos de prohibición de obtención de subvenciones previstos en el artículo 13 de la Ley general de subvenciones.

No podrán presentar solicitud de subvención aquellos ayuntamientos, asociaciones y centros de enseñanza oficiales que ya hayan sido beneficiarios de las ayudas en la convocatoria anterior a la que se refiere la base primera de estas bases.

Tercera.- Disponibilidades presupuestarias:

Para las subvenciones incluidas en la presente convocatoria, se reserva crédito en los vigentes presupuestos de la Diputación Provincial de Ourense con las siguientes distribuciones:

Para las subvenciones correspondientes al curso 2006-2007:

- Actividades de enseñanza de gaita y percusión realizadas por los ayuntamientos: 35.550,00 €.

- Actividades de enseñanza de gaita y percusión realizadas por asociaciones y centros oficiales de enseñanza: 46.680,00 €.

- Actividades de danza, pandereta y canto tradicional realizadas por los ayuntamientos: 18.870,00 €.

- Actividades de danza, pandereta y canto tradicional realizadas por asociaciones y centros oficiales de enseñanza: 15.420,00 €.

Para las subvenciones correspondientes al curso 2007-2008:

- Actividades de enseñanza de gaita y percusión realizadas por los ayuntamientos: 31.830,00 €.

- Actividades de enseñanza de gaita y percusión realizadas por asociaciones y centros oficiales de enseñanza: 48.510,00 €.

- Actividades de danza, pandereta y canto tradicional realizadas por los ayuntamientos: 18.180,00 €.

- Actividades de danza, pandereta y canto tradicional realizadas por asociaciones y centros oficiales de enseñanza: 21.000,00 €.

Cuarta.- Cuantía máxima de las subvenciones:

La cuantía de las subvenciones objeto de la presente convocatoria tendrán un máximo para cada una de las actividades por curso académico, de:

Para el curso 2006-2007:

- Enseñanza de gaita: 2 horas semanales o más, 840 €.

- Enseñanza de danza: 2 horas semanales o más, 840 €.

- Enseñanza de percusión: 1 hora, 510 €.

- Enseñanza de pandereta y canto tradicional: 1 hora, 510 €.

Para el curso 2007-2008:

- Enseñanza de gaita: 2 horas semanales o más, 840 €.

- Enseñanza de danza: 2 horas semanales o más, 840 €.

- Enseñanza de percusión: 1 hora, 510 €.

- Enseñanza de pandereta y canto tradicional: 1 hora, 510 €.

La cuantía concreta de cada subvención se determinará en la resolución del concurso por aplicación de los criterios establecidos en la base novena.

Quinta.- Solicitudes: lugar y plazo de presentación de documentación:

1. Las solicitudes, suscritas por el representante legal de la entidad interesada, irán dirigidas a la Presidencia de la Diputación Provincial de Ourense, mediante la presentación en el registro general de esta entidad o a través de cualquier otro medio de los previstos en el artículo 38.4 de la Ley del régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común.

2. El plazo improrrogable de presentación será de un mes, contado a partir del día siguiente al de la publicación de las presentes bases en el Boletín Oficial de la Provincia.

3. Las solicitudes deberán formularse adjuntando la siguiente documentación:

a) Documentación administrativa:

1.- Solicitud/es dirigida/s a la Presidencia de la Diputación en los modelos oficiales, recogidos en los anexos I A y I B, según corresponda, de las presentes bases.